

## **CRÓNICA DO PARTIDO:**

### **CONCELLO DE PONTECESO F.S.F. SOBRADO XUV. PAN. VÁZQUEZ**

Partido correspondente a 10ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó Concello de Ponteceso e ó Sobrado Xuv. Pan. Vázquez, encontro disputado o sábado 4 de decembro ás 17:00 horas no Pabillón Municipal de Ponteceso, que finalizou co resultado de 2-5 a favor do equipo visitante.

#### **ALINEACIÓNS:**

CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.- Salomé, Silvia, Iria, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Ana, Cris Santos, Sonia, Mónica, Marta, Sabela e Tamara.

SOBRADO XUV. PAN. VÁZQUEZ.- Laura, María, Patricia, Tamara e Sara (cinco inicial). Tamén xogaron Sandra, Amalia, Lucía, Patricia, e Rosalía.

#### **GOLES:**

0-1 (min. 7) Sandra.

0-2 (min. 15) Sandra.

0-3 (min. 22) María.

1-3 (min. 27) Carmen.

1-4 (min. 43) Amalia.

1-5 (min. 46) Patricia.

2-5 (min. 48) Cris Santos.

Mellora notable das xogadoras de Ponteceso, que plantáronlle cara a un dos mellores equipos da categoría. Na primeira parte foi un continuo toma e daca entre os dous equipos con ocasións en ámbalas dúas porterías, a diferenza no marcador quedou reflexada polo maior acerto das xogadoras do Sobrado, que materializaron nesta parte 3 das 4 ocasións que tiveron, mentras que o Ponteceso marrou as 5 que dispuxo.

Xa despois do descanso, o Concello de Ponteceso adiantou lineas, e na primeira chegada, no min. 2 desta parte, Carmen puxo o 1-3 o culminar un contragolpe ben lebedo.. Os seguintes 15 min. foron un quero e non podo do equipo de Ponteceso que tivo contra as cordas a todo un Sobrado (2º clasificado). Despois, dous fallos na transición defensiva despois de que o equipo da vila de Pondal se votara arriba, fixo que o sobrado marcara nos min. 43 e 46 resolvendo o partido.

Nos últimos minutos Cris Santos resolve unha xogada ensaiada nunha falta o borde da área.

Bó partido das Xogadoras de Jose Barca e Curro nas que se notou unha

gran melloría nestes casi tres meses de competición.

A próxima semana O Concello de Ponteceso viaxa ata Ordes para enfrontarse ó Fermiordes, no pabillón Municipal de Ordes, posiblemente o sábado 11 .